



Segundo: Establécese o período voluntario de cobranza entre os días 8 de xullo e 8 de setembro de 2014. O ingreso poderá realizarse nas Entidades Colaboradoras que figuran nos propios recibos. O transcurso do período voluntario de ingreso sen que este se produza, determinará o inicio do procedemento executivo, co devengo e esixencia dos recargos, intereses e demais conceptos que correspondan, de acordo co disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Terceiro: Os recibos remitiranse ó domicilio dos suxeitos pasivos mediante correo ordinario. Advírtese que a non recepción do recibo non exonera da obriga de pagamento. En caso de non recepción, destrución ou extravío do mesmo, dentro do período voluntario de ingreso, os contribuíntes poderán dirixirse ás oficinas do Concello para obter un duplicado.

Cuarto: Esta Resolución notificarase colectivamente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como a través de Edictos. A partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o Padrón permanecerá exposto ó público durante 15 días hábiles, a efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e recursos que estimen pertinentes.

Quinto: Contra a presente resolución e o Padrón que aproba, cabe interpoñer recurso de reposición perante a Alcaldía do Concello de Cangas no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da finalización da exposición pública, sen prexuízo de que os interesados poidan presentar calquera outro recurso que estimen pertinente.”

Cangas, 2 de xuño de 2014. — O Alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar.

2014005212

* * *

O GROVE

E D I C T O

D. José Luis Castro Da Silva Vale, solicitou licenza municipal de actividade para a instalación e apertura dunha panadería (exp. 325/13), que se situará na rúa Concepción Arenal esquina rúa Luis Seoane (O Grove). En cumprimento co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, e con base na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no departamento de Urbanismo, situado na rúa Cándido Acuña Blanco n.º 3, de 10.00 a 14.00 horas e formular por escrito as alegacións que consideren pertinentes.

O Grove, 26 de maio de 2014. — O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2014005192

INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES DE PONTEVEDRA

ANUNCIO DE LICITACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO PAVILLÓN MULTIUSOS DE A XUNQUEIRA

1. ENTIDADE ADXUDICATARIA

Organismo: Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.

2. OBXECTO DO CONTRATO

Descrición do obxecto: servizo de limpeza das instalacións deportivas do pavillón multiusos de A Xunqueira..

Lugar de execución: Pavillón multiusos de A Xunqueira (Pontevedra).

Plazo de duración: 2 anos con posibilidade de prórroga anual ata dous anos máis como máximo.